

Prezo mínimo e regulación das marxes comerciais



Carme Freire Cruces, Secretaria Xeral do SLG, na cabeceira da manifestación multisectorial unitaria celebrada en Madrid o 21 de novembro.

Milleiros de labregos e labregas de tódolos sectores, chegados e chegadas dende todo o Estado, reivindicamos o pasado 21 de novembro a necesidade do establecemento de prezos mínimos para os nosos produtos, que cubran custos de produción e traballo, e a regulación das marxes comerciais. Con

esta demostración de unidade e denuncia queremos esixir, nin máis nin menos, que os gobernos se poñan do noso lado e non das grandes transnacionais dos agronegocios. O sector precisa sistemas públicos de regulación e control da produción e dos mercados, o establecemento de mecanismos de protección das fronteiras na UE

priorizando e potenciando a presenza dos produtos das nosas explotacións nos mercados locais e de proximidade, a protección das nosas variedades locais e razas autóctonas, e o fomento de modos de produción máis autónomos e sustentábeis que nos liberen da dependencia das multinacionais para producir. **Páx. 5**



Edita:

Edicións Fouce

Departamento de Publicacións de
Servicios Agrarios e Contables S.L.
CIF: B - 27165646

Coordinación:

Vera-Cruz Montoto Vázquez
Colaboracións: Carme Freire,
Lidia Senra, Manuel Docampo,
Isabel Vilalba, Charo Sánchez
Parga, Xabier Gómez Santiso,
Ana Rodríguez, Xosé Manuel
Parente, Diego Sánchez Agra
e Sandra Varela.

Deseño e maquetación:

Vera-Cruz Montoto Vázquez

Sede da redacción:

Rúa Touro nº 21, 2º
Santiago de Compostela
Tlf: 981 580449
Fax: 981 572570
www.sindicatolabrego.com
Depósito Legal: C-749/88



LOCAIS

SANTIAGO DE COMPOSTELA
R/ Touro nº 21, 1º. Tlf. 981 588532
MELIDE - Praza do Convento nº2
ARZÚA - R/ Padre Pardo nº24, 1º D
Tlfno. 981 508 177
MUXÍA - Antiga autoescola Quintáns
CARBALLO - Río Sil nº 52, Baixo. 981
703169
SANTA COMBA - R/ Carmen
Santiso, nº22, baixo. Tlf. 981 880909
ORDES - R/ Nova nº 33, Baixo, 15680.
Tlf. 981 682908
PONTE CARREIRA - Bar O Taxista
BETANZOS - Praza da Constitución nº 4,
1º. Tlf. 981 773377
TEIXEIRO - R/ Martínez Pardo nº13, 1º
esq / Tlfno. 981 789 781
SAN SADURNIÑO - Lugar de Outeiro s/n
981 490430
AS PONTES - R/ Balsa nº 28
O BARCO - Casa sindical
Tlf. 988 321511 / Fax: 988326723
CELANOVA - Rúa Areal nº6, baixo.
Tlf. 630 970 131
O CARBALLIÑO - Casa sindical
Tlf. 630 970 131
VERÍN - Travesía de Sosas nº 20,
Galerías Maga Tlf. 988 590438; Fax 988
590439
RIBADAVIA - R/ Virxe do Portal, nº11.
Tlf. 988 477230 Fax. 988477230
XINZO - Casa Sindical Tlf. 988 462547
TRIVES - CIG Casa Sindical
Teléfono 699 924 634
VIANA DO BOLO Antigo centro de saúde.
Tlfno. 629 621 047
LUGO - R/ Miguel de Cervantes nº47, ent.
Tlf. 982 231154
MONFORTE - Local da CIG en AISS. Tlf.
982 403005
SARRIA - Rúa Calvo Sotelo 108,
entrecán B. Tlf. 982 876155 / 659735862
CHANTADA - Praza do Concello, baixos
AISSTII/Fax: 982 462103
A FONSAGRADA R/Fonte, nº3, baixo. Tlf.
982 350 080
ESCAIRÓN - Local da Cámara Agraria
RIBADEO - Av. Calvo Sotelo, nº3, 1ºE.
Tlf/Fax. 982 130615
LOURENZÁ - Av. da Mariña nº11, 1º. Tlf.
982 121376
VILALBA - Cidade de Viveiro 1 ent. A.
Tlf. 982 512431
MEIRA - R/ Xeneralísimo 47-49. Edf. Miño
Entrecán E. Tlf/Fax: 986792268.
A ESTRADA - R/ Capitán Bernal nº10, 1º
Tlf/Fax 986 573232
LALÍN - R/Arenal nº1, entrecán 3. Tlf.
986 792 268
SILLEDA - Av. do Parque, 32
Centro comercial O Parque, oficina 12
986 580526
PONTEAREAS - R/ Dos Amieiros,portal
1ºA, 1ºC. 986 641508
Martes a xoves, de 10.00 a 13.00
O ROSAL - R/ Ramón Franco, Edf.
Rosales. Tlf. 986 625 394
O SALNÉS
Av. Bouza Matín nº 9, 1º. Barrantes,
Ribadumia. Tlf. 986 718 526

2 / SUMARIO

nº 275
Nadal do 2009



Editorial, pax. 3

■ **EN BASE A TERRA.** Unha reflexión sobre a necesidade de vontade política na Xunta para camiñar cara un modelo de gandeiría baseado na terra, abaratando custes de produción, e que se dean os pasos necesarios para facer funcionar o Banco de Terras.

Galiza, paxs. 4, 5, 6 e 7

- A nova lei de representatividade no agro.
- Homenaxe aos/as Mártires de Sobredo no seu 87 cabodano.
- Mobilizacións do SLG na Galiza do 20 de novembro e taboa reivindicativa das organizacións convocantes a manifestación de Madrid do día 21.
- O SLG no cumio de Copenhague, frear o cambio climático.



Aldea Global, pax. 8

■ Lidia Senra reunese co Grupo de Alto Nivel da Unión Europea para o Sector Leiteiro, baixo o título: prezo mínimo e estabilidade necesaria para vivir dignamente do noso traballo, pretendemos dar conta do acontecido nesta xuntanza

Sectores Gandeiros, páx. 9

■ Falamos da reunión de Adolfo Cabarcos, Secretario de Produción Animal e Gómez Santiso, Coordinador de Sectores Gandeiros no SLG co Director Xeral de Gandeiría da Xunta, sobre a lingua azul, razas autóctonas, saneamento, publicidade das axudas, etc.



Sectores Vexetais, páxs. 10 e 11

- Entrevista con Manola Cerredelo Suárez, pataqueira da Limia e Responsable do Sector da Patata no SLG
- Carme Freire abre as Xornadas Nacionais do Viño do SLG en Monterrei con ponencias de Xoan Carlos Carreira, Angel Palacios e Ana Mª Rodríguez, que resumimos neste artigo.

Mulleres, pax. 12

- Encontro de mulleres da Coordinadora Europea Vía Campesina en Betanzos.
- O SLG érguese contra a violencia que afecta ás mulleres, no día 25 de novembro, día internacional contra a violencia de xénero.



Agroecoloxía, pax. 13

- A Xunta pretende inscribirnos ás explotacións de horta no "registro estatal de viveiristas". NON FALAMOS DE CAMELIAS
- Sobre a proposta de prezos que o INGACAL quere cobrar polos servizos de certificación de procedencia e calidade.

Eira, paxs. 14 e 15

- Páxina de anuncios, axudas, cursos ou convocatorias de interese para a afiliación.
- Anuncios gratuitos de compra, venda, traballo, troco, etc.

Esta publicación está cofinanciada pola



DEPUTACION
DA
CORUÑA
www.dicoruna.es

En base á terra

O abaratamento dos custos de produción nas explotacións leiteiras ten dado moito que falar nos últimos tempos a entendidos na materia de quedar ben e non gastar nada.

Dende o SINDICATO LABREGO sempre reclamamos das diversas administracións medidas para poder producir alimentos en base á terra.

Dende as apostas políticas pódese propiciar a non dependencia económica da alimentación dos animais dos produtos das multinacionais, por tanto, pódense establecer ferramentas e estratexias que supoñan un moito maior control dos custos por parte dos labregos e labregas das súas explotacións, non dependendo das fluctuacións nos negocios que todo tipo de empresas, moitas veces a escala mundial, nos impoñen.

No documento de traballo que a Consellería do Medio Rural nos ten presentado como plan do sector lácteo recoñécese coma un dos problemas importantes diagnosticados esa dependencia.

Nas liñas de actuación estratéxica do mesmo cítase un plan de incremento e reasignación de superficie agraria dispoñible para as explotacións leiteiras a traveso do BANCO DE TERRAS e ou tras iniciativas similares.

Pois ben, se as declaracións, mesmo as escritas no plan estratéxico lácteo non son papel mollado, cómpre retomar xa para o seu funcionamento o Banco de Terras.

Con non ser a única nin a que soluciona todos os problemas de terra que temos, é unha das ferramentas habilitadas para poñer superficie a disposición das explotacións, das de leite e de todas as demais, mesmo dalgunhas que xente nova no sector quixera promover.

Está por ver se o actual goberno da Xunta de Galiza está disposto a desenvolver medidas eficaces para poñer a terra abandonada a disposición de

quen a cultive, ou vai sucumbir aos sempre presentes intereses dos absentistas que nin labran nin deixan labrar.

Está por ver se os prezos que se lle poñen á terras son prezos para producir nela ou para especular con ela.

Está por ver se a adxudicación de terrenos é transparente ou tamén as leiras van ser obxecto de caciqueos.

Está todo por ver.

Reclamamos non perder outra oportunidade e non ter que seguir lamentando aquilo de que “os papeis aguantan do que lle poñan”.



Carme Freire Cruces, Secretaria Xeral do SLG, nunha rolda de prensa

A nova Lei de Representatividade no Agro

Un xeito antidemocrático de afastarnos da toma de decisións en materia de política agraria

O pasado 21 de outubro foi publicada no Boletín Oficial do Estado (BOE), a aprobación por parte do Congreso e do Senado, a nova Lei de Representación das Organizacións Agrarias no Estado español.

Para nós esta nova lei é antidemocrática, xa que para poderemos participar nos organismos agrarios do Estado obríganos por lei a estar prensentes coma sindicato en alomenos 9 comunidades autónomas.

Ao falar de "comunidades

autónomas", esta lei non está a recoñecer a existencia de distintas nacionalidades históricas, realidade que si se recolle no artigo 7 da Constitución Española.

É por iso que, no marco legal actual, esta lei é antidemocrática, e a súa aprobación constitúe un xeito antidemocrático de afastarnos dos espazos de negociación das políticas agrarias que nos afectan.

A efectos prácticos, a nova Lei de Representación das Organizacións Agrarias, supón

que aínda que na Galiza o Sindicato Labrego Galego tivera o cen por cen do apoio dos labregos e labregas, seguiríamos sen ser tomadas nin tomados en conta á hora de participar nos organismos onde se deseña a política agraria, xa que son órganos estatais aos que o propio Estado non nos deixa acceder por ser o SLG unha organización que quere ser unicamente galega.

É como se a nivel político se decidira que só poden ser representantes no Congreso dos

Deputados ou no Senado os partidos de ámbito estatal.

Fica claro con esta lei que as únicas vías pola que poderemos facerlle chegar ao Goberno español os problemas e propostas do agro galego serán a través da rúa, dos medios de comunicación e da cidadanía.

Deixarnos sen voz nos órganos consultivos non vai servir para calarnos.

HOMENAXE AOS/AS MÁRTIRES DE SOBREDO

Como todos os anos, o último domingo do mes de novembro, na parroquia de Guillarei, concello de Tui, tivo lugar o Homenaxe aos/as Mártires de Sobredo, no seu 87 cabodano. Este ano como novidade, o Sindicato Labrego Galego organizou este Acto xunto coa Confederación Galega de Asociacións Veciñais "Rosalía de Castro" e a Organización Galega

de Comunidades de Montes. No acto, réndese homenaxe as tres persoas asasinadas no ano 1922, cando participaban nun acto de solidariedade contra do embargo dos bens dun veciño do lugar por negarse a pagar o foro. Réndese homenaxe tamén as Sociedades Agrarias que nos principios do século pasado loitaron pola abolición dos foros.

A loita pola abolición dos foros era unha loita pola dignidade humana e pola defensa da terra. E se ben os foros foron abolidos, no mundo no que vivimos, mundo globalizado, de economía liberal salvaxe e onde prima o individualismo, moitos obxectivos demandados a través das Sociedades Agrarias aínda non foron acadados plenamente nos nosos días. De aí que, os labregos e labregas do SLG, nós sintamos herdeiros da loita e dos obxectivos das Sociedades Agrarias.

A historia dos Mártires de Sobredo

Desde a idade media, a meirande parte das terras cultivadas de Galicia estaban sometidas aos contratos de "Foro", establecidos sobre as terras e que se pagaban anualmente en especie (millo, viño, animais) ou con diñeiro, condenando ao campesiñado a unha agricultura de subsistencia. Non sería ata o ano 1926 cando se eliminaron definitivamente os foros, o que permitiu ás persoas labregas seren donas das terras que trabal-

laban.

Para eliminar os Foros xurdiron as Sociedades Agrarias; en

(Guillarei, Tui) xuíz e Garda Civil para embargar os bens dun veciño que non pagaba o Foro. A

prensa, parlamento, literatura, conferencias... O goberno decatouse entón da necesidade de dar-



O compañeiro Salvador Martínez presentou o acto no que entrevistou polo Sindicato Labrego Galego: Charo Sanchez Parga, labrega da Executiva Nacional do SLG.

1912 xa había 117 sociedades na provincia de Pontevedra. Nas Asembleas e Congresos agrarios (Monforte, Ribadavia, Redondela, Tui...) establecíanse as liñas de actuación deste movemento (mitins, propaganda, boicot aos pagos, mobilizacións...).

O 27 de novembro de 1922 preséntanse en Sobredo

toque de campás, xuntáronse unhas dúas mil persoas da bisbarra. Ao disolver a forza pública a manifestación a tiros, houbo varias persoas feridas e tres resultaron mortas: Cándida Rodríguez, de Pazos, Joaquín Estevez Besada, de Soutelo e Venancio González Romero, de Budiño.

Os feitos tiveron moita sona na

lle unha solución ao conflito agrario, o que levou á redención dos Foros.

Foi entón, grazas á actitude loitadora e comprometida destas mulleres e homes do agro, que se conseguiu abolir un dos residuos da sociedade estamental e que condenaba en vida o campesiñado deste país.

Mobilizacións na Galiza do día 20 de novembro



O SLG convocou mobilizacións en catro cidades e en Xinzo, para esixir políticas que garantan prezos dignos para poder vivir do noso traballo. Nas fotos Mercados Transparentes en Santiago, A Coruña, Pontevedra, Lugo e manifestación en Xinzo.



REIVINDICACIÓNS DAS ORGANIZACIÓNS AGRARIAS CONVOCANTES DAS MOBILIZACIÓNS DOS DÍAS 20 E 21 DE NOVEMBRO

- 1) Aposta por unha política agraria que signifique:
 - Existencia de sistemas públicos de regulación e control da produción, equilibrando oferta e demanda na Unión Europea.
 - Mecanismos de regulamento dos mercados.
 - Prezos mínimos que cubran costes e remuneren o traballo.
 - Transparencia e regulamento das marxes comerciais.
 - Mecanismos de protección das fronteiras da Unión Europea.
 - Fomento de modos de produción máis autónomos e sustentábeis.
 - Potenciación dos produtos das nosas explotacións nos mercados locais e de proximidade.
 - 2) Plan de choque para evitar o peche de explotacións.
 - 3) Adecuación da fiscalidade á realidade económica das explotacións.
- As mobilizacións provocaron xa diferentes encontros co Ministerio de Medio Rural. O propio Presidente do Goberno comprometeuse coas organizacións agrarias a manter unha reunión. As reivindicacións prantexadas, dada a situación de todos os sectores de produción, teñen que ter tamén unha resposta na Presidencia do Estado Español da UE.

Encontro co Conselleiro de Medio Rural para abordar a crise do leite

O SLG, xunto con XXAA, UAA e AGACA, reunímonos co Conselleiro de Medio Rural. A continuación reproducimos o texto íntegro acordado polas tres organizacións e AGACA do resultado de dito encontro:

As organizacións profesionais agrarias Xóvenes Agricultores, Unións Agrarias e Sindicato Labrego Galego, as únicas que ostentan a lexitimidade da representación dos sectores productivos agrarios e da defensa dos seus intereses, así como as cooperativas agrupadas en AGACA, dada a especial situación crítica dos produtores lácteos de Galicia, reuníronse no día de hoxe co Conselleiro do Medio Rural, o Director Xeral de Producción Agropecuaria e a Directora Xeral de Innovación e Industrias Agrarias e Forestais.

Neste encontro, os/as representantes das organizacións agrarias e das cooperativas obtiveron o compromiso da Administración autonómica dun apoio firme e decidido ás demandas dos/as produtores/as lácteos. Así, a Consellería do Medio Rural asume estes prantexamentos no que compete a súa xestión e se compromete a transmitirlos á Administración Central a necesidade de que asuma tamén súa responsabilidade para acadar a recuperación de prezos por riba dos custos de produción co obxectivo de garantir a viabilidade das explotacións. Neste pro-

ceso considérase fundamental por todas as partes a modificación do marco normativo actual na Unión Europea.

Esta será un dos puntos centrais que co presidente do Goberno do Estado, o Sr. Zapatero, van ter as Organizacións Agrarias antes de finais de ano.

Organizacións agrarias e cooperativas consideran que é preciso seguir avanzando na estabilización de relacións interprofesionais e no equilibrio do peso nas negociacións do sector produtor.

Considerouse fundamental por todas as partes a modificación do marco normativo actual para acadar prezos por riba dos custos de produción.

ACORDO LÁCTEO:

O tempo pon a cada quen no seu sitio. O SLG foi a única organización galega que non asinou en xullo esta pantomima. En decembro todas as explotacións saben xa para que era este documento, que non ten

nin prezo mínimo nin prezo que cubra custes. Para que teñamos prezos dignos para vivir non vale con que as industrias e a distribución digan nun papel que se van portar ben. Teñen que ser obrigados por acordos

políticos que modifiquen a política agraria actual e as leis, nas que se regulen os mercados e as producións para termos prezos que nos permitan vivir.

ACUERDO SOBRE LOS CONTRATOS HOMOLOGADOS EN EL SECTOR LÁCTEO

- Las industrias y las cooperativas se comprometen a generalizar el sistema de contratos homologados para el pago de la leche recogida en las explotaciones. Se utilizará como base el contrato tipo homologado registrado oficialmente para el sector lechero español y recogido en el correspondiente Orden del Ministerio de Medio Ambiente, y Medio Rural y Marino. En cada contrato individual que se suscriba figurará, al menos, obligatoriamente:
 - El precio acordado entre ganadero/suministrador e industria/comprador, a partir de un sistema de indexación que tendrá en cuenta, a falta de referencia nacional, la media anual de los precios practicados en otros Estados miembros, principales suministradores de leche a España, en particular Francia, en cuyo caso se referenciará en el publicado por l'Office de l'Élevage junto con el coste medio de los servicios de transporte.
 - La duración temporal del acuerdo.
 - Las cantidades vinculadas por el mismo.
- La distribución valorará positivamente en sus suministros de leche y productos lácteos, los que tengan su origen en proveedores que acrediten el cumplimiento de las relaciones contractuales a las que se refiere este acuerdo.
- La distribución se compromete a utilizar todos los mecanismos a su alcance para garantizar tanto la calidad como la trazabilidad de la leche y productos lácteos, y a la realización de los controles necesarios para ello, sin perjuicio de los controles que competen a las Administraciones.
- Con base en un análisis de riesgos la administración intensificará los controles de calidad de la leche y de las normativas de comercialización de la misma.
- El MARM acelerará todo lo posible la entrada en vigor del proyecto de Real Decreto que establece el sistema de trazabilidad de la leche y productos lácteos y que completa el sistema iniciado por el Real Decreto 217/2004, de 6 de febrero. Desde la firma de este Acuerdo hasta la entrada en vigor del citado Real Decreto la distribución señalará de forma destacada la leche y productos lácteos procedentes de explotaciones ganaderas españolas, siempre en función de la información que le haya sido proporcionada por el último suministrador y de la que éste acredite en las etapas anteriores de la cadena.
- Sin perjuicio del marco existente para el seguimiento de los contratos suscritos de acuerdo al modelo homologado, las partes firmantes del presente acuerdo constituirán un Comité de Seguimiento del mismo, para impulsar su aplicación entre los asociados de las organizaciones firmantes, conocer su evolución y realizar, en su caso, propuestas para su mejora. Dicho Comité, para ello, elaborará, con la periodicidad que se establezca, informes que serán elevados a los órganos directivos de las organizaciones firmantes. El Comité de Seguimiento, estará formado por representantes de cada una de las organizaciones firmantes, designados a tal efecto por sus órganos directivos, y será presidido por un representante de la Secretaría

de Estado de Medio Rural y Agua del Ministerio de Medio Ambiente, y Medio Rural y Marino designado por dicho órgano directivo. Este Comité, asimismo, será el órgano en que se intentará resolver las discrepancias de carácter sustancial sobre el contenido de este acuerdo que pudieran surgir de la aplicación del mismo.

- Este acuerdo se basa en la previsión expresa contenida en el artículo 176 del Reglamento (CE) n° 1234/2007 del Consejo, de 22 de octubre de 2007, por el que se crea una organización común de mercados agrícolas y se establecen disposiciones específicas para determinados productos agrícolas, y, en su caso, en lo que pudiera exceder de los límites de dicha OCM será revisable por las autoridades de la competencia. A estos efectos, el MARM pondrá en conocimiento de la Comisión Nacional de la Competencia, los términos del presente acuerdo

En Madrid, reunidos en la sede de la Secretaría de Estado de Medio Rural y Agua del Ministerio de Medio Ambiente, y Medio Rural y Marino, los abajo firmantes, representantes del citado Ministerio, y representantes autorizados (Presidentes o Secretarios Generales) de FENIL, Cooperativas Agroalimentarias, ASEDAS, ANGEL, ACES, ASAJA, y UPA, tras diversas intervenciones, concluyen pactar el acuerdo relativo a los contratos homologados para el sector lácteo cuyo contenido se acompaña a este acta.

Y para que así conste, se firma la presente acta, en el lugar y fecha antes indicados.

Por el MARM,

Josep Puig Rocamora

Por UPA,

Lorenzo Ramos,

Por Cooperativas Agroalimentarias,

Eduardo Bahamonde

Por ASEDAS

Ignacio García Magaz.

Por FENIL,

Luis Calabozo.

Por ASAJA,

Padro Barato,

Por ANGEL,

Fernando Olasecaga

Por ACES,

Aurelio del Pino

O primeiro ou primeira que sepa dicir a qué prezo mínimo obriga este papel, terá premio.

!!! **Aínda hai quen nos quería obligar a mobilizarnos para que se cumpra este acordo!!!**

O mundo do revés

Dende o sete de decembro un grupo, denominado Ganaderos Unidos de España, mantén unha concentración de tractores en Salgueiriños. Aparentemente, son gandeiros preocupados polos prezos do leite. Ate aí nada que obxectar, todo o mundo ten dereito a reivindicar o que lle pareza.

Sen embargo, a pouco que se profundice, vemos que en Salgueiriños hai gandeiros, pero sobre todo en Salgueiriños e baixo a aparencia de gandeiros, que algúns tamén hai, hai todo tipo de xente que vive do desenvolvemento da produción de leite dependente do agronegocio. Sí, alí están quen vende deterxente para lavar os aparatos de ordeño, vendedores de pensos, empresas de servizos e todo un longo etcetera, que o único que lle importa non é o que nos queda para nós. O que lle importa é que cobremos máis polo leite, non para que vivamos mellor, senón para que sigamos dependendo e cada vez máis do que eles nos venden. Non lles importa cantos produtores e produtoras quedemos, impórtalle que queden unhas poucas explotacións-empresas producindo moito e gastando moito. Neste obxectivo coinciden cos dirixentes deste movemento que o que queren é constituírse en grandes empresas e que as e os que teñamos que pechar, traballemos para eles a baixos salarios. Por iso alí non se reivindican cambios de políticas. A mensaxe que se lanza é enganosa, non pode haber prezos sen control da produción e sen regulación dos mercados. Non hai prezo no acordo que se asinou en xullo.

Todo isto disfrazano de ataques furibundos contra os sindicatos agrarios aos que se responsabiliza de todos os males habidos e por haber. Evidentemente os sindicatos reflicten a pluralidade existente no ámbito labrego, do mesmo xeito que os sindicatos operarios reflicten a pluralidade no ámbito do mundo asalariado ou os partidos políticos reflicten a pluralidade existente na sociedade. E, neste contexto pode estarse ou non de acordo coas propostas ou coas accións dos Sindicatos, pero o que non se pode negar é que teñen reivindicacións e proxectos concretos de política agraria para o país, que poden criticarse ou apoiarse. Agora ben, non se pode confundir o touciño coa velocidade; os Sindicatos non son quen goberna, nin son quen merca o leite.

Despois de todos estes días, o fracaso desta mobilización é evidente. O máximo esperpento foi a convocatoria dunha folga do leite na que algúns dos máximos dirixentes deste movemento foi o primeiro en entregar o leite da súa explotación xa no primeiro día da folga.

Compre resaltar que os modos de persuasión para que as e os gandeiros acudisen co seu tractor a estas concentracións, en moitos casos, foi mediante ameazas e, con formas que recordan tempos pasados. Non se sabe se o apoio a esta concentración de determinado grupo da ultradereita terá algo que ver co que tranloce nas actuacións que estivo habendo durante este mes en varios puntos do país, ou se as proclamas de "absoluta intransix-

encia contras as empresas, os políticos e os sindicatos" que este grupo de ultradereita lanza, son as que marcan as actuacións contra os Sindicatos que están lanzando os dirixentes de Ganaderos Unidos.

Pero como a pesares de todo isto, a concentración non aumenta e mesmo empeza a desmoronarse, agora pretenden mediante a presión e a coacción, que os Sindicatos apoiemos o que eles defenden; é dicir que nos manifestemos en contra do que defendemos, en contra das nosas propias propostas. Ou sexa pretenden que saiamos a apoiar prezos para algúns, e o peche de moitas explotacións para que poidan sobrevivir unhas poucas, é dicir, as de quen dirixe toda esta movida.

Para isto que ninguén conte co Sindicato Labrego Galego. O Sindicato Labrego Galego, defende a supervivencia do maior número de explotacións producindo en todo o territorio cun prezo que cubra custes de produción e traballo. Defende a produción en base á terra e non un modelo de produción onde o labrego ou a labrega somos meros escravos do negocio agro-químico-farmacéutico.

Poden facer as manifestacións que queiran diante das nosas sedes, nós so estivemos, estamos e estaremos, onde se defendan políticas que garantan prezos para vivir dignamente do noso traballo, sen sermos escravos de ninguén e sen escravizar a ninguén.

Outras Políticas Agrarias contribuirían a frear o cambio climático

O Sindicato Labrego Galego, está representado no cumio sobre o cambio climático que se celebrou en Copenhague pola Delegación da Vía Campesina. Estamos en Copenhague porque o cambio climático xa nos está afectando directamente: épocas continuadas de auga que non deixa facer o traballo e afecta as colleitas; épocas de forte seca, aparición de

pragas en épocas que non era habitual, etc. Propoñemos a Soberanía Alimentaria: sacar a agricultura e a alimentación das mans dos grandes negocios corporativos e devolverlla aos labregos e labregas, recuperar a fertilidade do solo, rematar coa grande distribución globalizadora,... como medida para reducir a emisión de gases de efecto invernadero.

Dende o Sindicato Labrego Galego, xa presentamos este problema á Consellería do Medio Rural hai como uns tres anos e, a pesares de terse comprometido a facer un seguimento da situación real na Galiza, nada deixaron feito, e que nós saibamos nada se está facendo agora.

Tamén é unha evidencia que xa case ninguén nega, que o cambio climático está provocado pola emisión de gases de efectos invernadero, provocados por diferentes axentes contaminantes.

Sabemos igualmente, que a agricultura industrial e o sistema alimentario globalizado (alimentos que percorren milleiros de quilómetros cada día para chegar ás nosas mesas, cando poderíamos mercalos en radios moi curtos) son os responsábeis de entre o 44% e o 57% do total destas emisións de gases de efecto invernadero.

Aquí no noso país, na grande distribución podemos atoparnos con patacas de Francia que percorren, cando menos 1.100 quilómetros, cando as poderíamos ter todo o ano do noso país (agora mesmo temos o problema de que na Limia están aínda nas casas sen vender); peras, mazás ou fabas da Arxentina que percorren máis de 10.000 quilómetros; iogures de Francia ou de Alemaña que percorren entre 1.100 e 1.200 quilómetros (e o noso leite sen prezo).

A responsabilidade de que a agricultura e a alimentación se teñan convertido nas maiores emisoras de gases de efecto invernadero é das administracións que mediante o fomento da agricultura industrial, a través das políticas agrarias -no noso caso a Política Agraria Común- e da liberalización do mercado agrícola -a través da Organización Mundial do Comercio-.

Hai que destacar tamén que a mesma política que está contribuíndo entre o 44% e o 57% ao cambio climático está tamén destruindo as nosas explotacións e os nosos postos de traballo. Lembrar expresamente que a forte crise, sen precedentes, que atravesa o sector lácteo na Unión Europea ven dada pola decisión de liberalizar o mercado do leite. A subidas dos custos de produción na Galiza, vén provocada pola decisión política de forestar as terras que terían que estar a pasto, a forraxes ou a proteína vexetal e, ao mesmo tempo, fíxonos dependentes dos agnegocios da alimentación animal.

Por outro lado, o transporte destes alimentos dos animais, a deforestación que se produce para producir a soia nos países do Sur, e a ocupación de terras de labregos e labregas dos países do sur, para convertilas en monocultivos de soia, contribúen á emisión de gases de efecto inver-



Imaxe da manifestación celebrada en Santiago de Compostela

nadoiro e ao aumento da fame no mundo.

Vemos pois, como as políticas agraria e alimentaria que se están aplicando, son nefastas para nós (cada vez traballamos máis e para gañar menos; cada vez temos máis perdas nas colleitas como consecuencia dos efectos do cambio climático) e tamén para o planeta no seu conxunto.

A Vía Campesina, presente en decembro en Copenhague, denunciou as solucións hipócritas que están barallando os gobernos e está poñendo solucións reais e aplicábeis

dende agora mesmo para reducir a metade das emisións de gases de efecto invernadero.

Por exemplo, algo tan sinxelo como recuperar a materia orgánica do chan, suporía unha redución das emisións do 20% ao 35%; situar os mercados locais e os alimentos frescos no centro do sistema alimentario, reduciría as emisións entre o 5% e o 9%. En definitiva, se os gobernos acordasen sacar a agricultura e a alimentación das mans dos grandes agnegocios corporativos e devolvella aos labregos

e labregas, resolverían xa a metade do grave problema que supón o cambio climático e ademais permitiría que miles de labregos e de labregas vivisemos dignamente do noso traballo, producindo alimentos sanos e nutritivos para a cidadanía nun medio rural vivo. Isto que dende o SLG e a Vía Campesina se propón, non é nin máis nin menos que a Soberanía Alimentaria.

A comarca da Limia en xaque

A declaración da ZEPA na comarca da Limia, feita por Decreto pola Xunta de Galicia pon en xaque aos labregos e labregas da comarca.

Dende o ano 2007, cando o anterior goberno bipartito (PSOE-BNG) iniciou o procedemento para declarar Zona de Especial Protección de Aves (ZEPA) na comarca da Limia vimos constatando que os nosos gobernantes, tanto os anteriores como os actuais (PP) o que menos lles importa somos os labregos e labregas. O único que perseguen é o beneficio electoral.

É dicir, dependendo de se están no goberno ou na

oposición a ZEPA é moi boa ou moi mala para a comarca.

De momento ninguén tivo a valentía de vir á Limia a explicar que significa a declaración de Zona de Especial Protección de Aves, nin que consecuencias terá para o desenrolo da actividade agrogandeira.

Dende o SLG tememos polo futuro das nosas explotacións, que é o futuro das nosas familias e tamén o futuro de toda a comarca, e non imos permitir que se destrúa o sector da pataca, sector estratéxi-

co para o nos País.

Queremos ademais que se nos garanta aos labregos e labregas o dereito a vivir do noso traballo, como fixeron os nosos antepasados e como esperamos sigan facendo os nosos fillos e fillas.

Tanto antes, que gobernaba o bipartito (PSOE-BNG), como agora que goberna o PP, o Sindicato Labrego Galego seguimos estando en contra do decreto de declaración da ZEPA da Limia, xa que para nós os primeiros a protexer son os labregos e labregas.

Lidia Senra reúne co grupo de Alto Nivel da UE para o sector leiteiro

Prezo mínimo e estabilidade, necesario para vivir dignamente do noso traballo



De esquerda a der.: José Miguel Gonçalves, Confederação Nacional da Agricultura (Portugal); Gérard Choplin, da C.E. Via Campesina; Lidia Senra, membra da executiva nacional do SLG e responsábel do sector leiteiro dentro do Comité de Coordinación da Coordinadora Europea Via Campesina; Carme Freire, Secretaria Xeral do Sindicato Labrego Galego; Charo Arredondo, Unión de Ganaderos y Agricultores Montañeses, Coordinadora de Agricultores y Ganaderos (Cantabria); Xabier Delwarte, Fédération Unie de Groupements d'éleveurs et d'agriculteurs (Bélxica). No Seminario Europeo do leite da Coordinadora Europea Via Campesina, organizado polo Sindicato Labrego Galego os días 26 e 27 de outubro en Compostela para preparar as propostas a levar diante do Grupo de Alto Nivel.

As mobilizacións que vimos realizando en toda Europa lograron colocar nas axendas das institucións europeas a grave crise que afecta aos labregos e labregas que desenvolven a súa actividade na produción de leite.

Nestes momentos e, por acordo do Consello Agrícola de outubro, hai constituído o denominado "Grupo de Alto Nivel" que está formado por representantes dos vinte e sete estados que forman a Unión Europea (dúas persoas por estado) e que ten como misión facer propostas ao Consello Agrícola para saír da crise do leite en Europa.

O pasado 10 de novembro o grupo de alto nivel reuniuse con representantes das organizacións agrarias europeas.

Neste marco a Coordinadora Europea Via Campesina, da que o Sindicato Labrego Galego forma parte, tivo o seu primeiro contacto con este grupo e, ademais de responder as preguntas prante-xoulle as súas propostas para garantir ás explotacións leiteiras un

futuro estábel e sen sobresaltos.

A Delegación da Coordinadora que participou nesta reunión estaba integrada por Lidia Senra, membra da executiva nacional do SLG e responsábel do sector leiteiro dentro do Comité de Coordinación da Coordinadora Europea Via Campesina; por Yves Sauvaget, da Confédération Paysanne de Francia, e Xavier Delwarte, membro da Fugea de Bélxica, membros ambos do grupo leite da Coordinadora.

O primeiro que lle puxemos enriba da mesa a este amplo grupo de expertos e expertas en leite seleccionado polos distintos gobernos da UE foi a necesidade de adiantar a fin dos traballos. O mandato dado polo Consello Agrícola a este grupo é que fagan propostas para o mes de xuño do 2010.

Dende a Coordinadora Europea prantexámoslle a urxencia de dar respostas e solucións ante esta grave crise e que, polo tanto, as solucións debían estar

enriba da mesa para o mes de febreiro.

A segunda cuestión: nós partimos de que a crise actual é froito da deriva neoliberal da Comisión Europea e do Consello Agrícola e, neste senso, propuxemos a necesidade de repensar a decisión de liberalizar o mercado do leite, que no seu día tomaron a Comisión e o Consello.

Nós entendemos que se realmente se quere aportar unha solución que dea a estabilidade que as explotacións precisan para vivir cómpre manter a regulación da produción e os instrumentos que permitan o seu control e tamén cómpre a regulación dos mercados. Sen este marco político, calquera acordo coas industrias ou coa distribución é totalmente inviable e tamén será totalmente imposible a capacidade de negociación das organizacións que representan aos produtores e produtoras.

Compre destacar que aquí non serven escusas, este grupo non ten porque ter ningún corsé, teñen capacidade para

proponer ao Consello Agrícola unha volta atrás nas súas decisións e o Consello Agrícola non ten ningunha cortapisa para volverse atrás nas decisións tomadas.

Neste marco, as propostas concretas que fixemos foron: Manter a regulación da produción, sen control de produción non poderá haber prezos remuneradores. Neste sentido demandamos manter o control da produción e unha redistribución do dereito a producir entre as produtoras e produtores de leite de toda a Unión Europea. Cómpre salientar que o propio Tribunal de Contas da Unión Europea ten valorado positivamente o papel do control da produción. Demandamos igualmente unha forte redución da cota global europea para adaptar a oferta á demanda, algo tamén imprescindible para que haxa prezos que cubran custes e remuneren o traballo.

Outro punto abordado foi o relacionado coas estruturas e os modos de produción.

Entendemos que com-

pre que a Unión Europea lle poña fin ao proceso de concentración da produción en explotacións cada vez máis grandes, cada vez máis intensivas e cada vez máis dependentes da importación de proteínas vexetais.

A Unión Europea debe favorecer explotacións labregas de dimensión humana e redistribuir as cotas entre produtoras e produtores.

Tamén fixemos propostas sobre onde se debe producir leite en Europa, neste senso, a proposta foi que a Unión Europea debe poñerlle fin tamén a concentración da produción en zonas próximas aos portos de importación da soia e en detrimento das zonas de vocación produtora polas condicións agroclimáticas. A proposta concreta para superar esta situación foi de que a Unión Europea modifique o actual e inxusto reparto da cota entre estados, xa que perxudica seriamente aos países e estados do Sur e do Centro de Europa.

continúa na seguinte páx.

...ven da páxina anterior

Preguntas concretas do “Grupo de Alto Nivel”

Nesta mesma audiencia, respondemos as tres preguntas concretas que nos foron feitas polo grupo.

A primeira pregunta foi: *Relacións contractuais entre produtores e produtoras e industrias de cara a equilibrar mellor a oferta e a demanda.*

A posición da Coordinadora Europea Vía Campesina foi rotunda. É un erro querer substituír a regulación da produción e os mecanismos para manter o control público da mesma polos contratos privados entre produtores e produtoras e empresas.

A experiencia en Suíza durante este último ano, onde despois de abandonar os sistemas de control da produción puxeron en marcha os contratos, ten xa amosado que os contratos sen marco político regulador e sen prezo, supoñen unha seria regresión dos dereitos das e dos produtores.

Para a Coordinadora Europea Vía Campesina os contratos so son aceptábeis se hai regulación pública da produción e se hai negociación colectiva para fixar os prezos mínimos.

A segunda pregunta: *Como reforzar o poder de*

negociación dos e das produtoras de leite?

A resposta aquí tamén foi contundente: Cómpre un marco de política leiteira europea, que garanta regulación de produción e de mercado. Se non se elimina a sobreprodución estrutural existente dende 1984, cando a Unión Europea fixou unha cota moi superior ao mercado interno, é difícil negociar.

Nunha situación de mercado excedentario, dada pola sobreprodución estrutural e tamén pola decisión de aumentar a cota ate facer desaparecer o control da produción, poucas posibilidades hai de negociar por parte do sector produtor.

A terceira e última pregunta: *Transparencia en beneficio dos e das produtoras, da industria leiteira e dos e das consumidoras?*

A posición da Coordinadora Europea Vía Campesina con relación a esta pregunta tamén foi moi clara. Queremos transparencia ao longo de toda a cadea, dende a produción ao consumo. Queremos unha limitación das marxes comerciais e queremos que a prohibición que existe para a

distribución de vender a perdas se extenda tamén ao sector produtor.

A principios do ano que vén, este grupo de alto nivel vai volver reunirse coas organizacións agrarias europeas. Un dos temas aos que teremos que responder é cal é a nosa opinión sobre a posíbel implantación do mercado de futuros no sector lácteo.

A Coordinadora Europea Vía Campesina, entende que cómpre seguir traballando e mobilizándose, tanto a nivel de cada país como no ámbito europeo, para forzar saídas a unha crise que xa se está facendo demasiado longa e que non sería tan difícil parar.

O 1 de xaneiro comeza a presidencia española da Unión Europea, esta é tamén unha boa ocasión para presionar ao Ministerio de Medio Rural e ao Goberno para que se marquen como obxectivo conseguir facer avanzar en políticas que resolvan a crise e lle dean ao sector a estabilidade que precisa para que podamos traballar e vivir dignamente do noso traballo.

Língua azul, razas autóctonas, saneamento, publicidade das axudas, etc.

O Sindicato Labrego Galego reuniuse coa Subdirección Xeral de Gandaría

O pasado 15 de decembro celebróuse a reunión coa Subdirección Xeral de Gandaría sobre diversos temas que preocupaban, tanto á Dirección de vacún de carne do SLG, como ás persoas que participaron nas recentes xornadas de vacún celebradas ó longo do outono pasado.

A reunión parecénos que pode dar os seus froitos, e valorámola polo tanto como positiva.

Os temas prantexados foron respostados, en maior ou menor medida, e a continuación damos conta desas respostas:

Língua Azul.

O que se prantexaba eran os efectos que estaba a causar a vacina de mortes, abortos, perdas de produción, caídas de fertilidade, etc. Salientamos que por primeira vez se nos aceptou que estes efectos existían causados pola vacina, e ademais comunicóusenos que eran susceptibles de indemnización e que, de feito, estaban indemnizando algúns casos nos que se comprobaba a vinculación coa vacina. Isto significa que temos que comunicar as incidencias que observemos posteriores á vacina, para que poidan ser indemnizadas no caso de que com-

proben que existe relación.

Razas Autóctonas.

É unha axuda do Estado, polo tanto non poden modificala. O problema é que a axuda dáse (ao igual que as agroambientais) por cumprir durante 5 anos os compromisos que se asinan, e como no primeiro ano queimouse todo o orzamento, a xente que quedou fóra non vai ter unha segunda oportunidade de solicitar ao non haber diñeiro.

Protocolo de Sacrificios de urxencia.

O que se pedía é que se habilitara algún matadouro para poder sacrificar os animais accidentados. A norma actual que obriga a sacrificarlos na casa, mediante un proceso moi custoso, é a lexislación de benestar animal, que tampouco poden modificar. Propuxeron que ían intentar deixar un oco para poder sacrificarlos mediante a normativa de produción artesanal que van quitar no primeiro trimestre de 2010.

Fraude nas pesadas dos matadoiros.

Tamén recoñeceron a súa existencia en algúns casos e compro-



metéronse a pedir á industria que se controlaran. Dende o SLG tamén faremos este trámite, xa que é da competencia desta Consellería a inspección e precintado das básculas.

Campaña de saneamento.

En aqueles lugares con protocolos especiais: comunicóusenos que confiaban erradicar as enfermidades nun curto prazo, e que por iso ían seguir utilizando probas coma o gamma interferón, pero que se indemnizarían todos os sacrificios e que se informaría

correctamente ás persoas afectadas para evitar desconfianza e para gañar a súa colaboración.

Notificacións das axudas só no Boletín oficial.

Aceptou que, o feito de publicalas só no DOGA, era por medidas de austeridade, e comprometéuse a que no futuro seguirían indo por esta vía pero que se avisaría á opinión pública facéndolle publicidade mediante comunicado de prensa, para que todo o mundo soubera cando tiña que mirar o boletín.

Gandeirías extensivas.

Quedamos tamén en que, nas gandeirías extensivas, intentarían concentrar a campaña de saneamento coas vacinas e inspeccións para que non teñan que andar xuntando as vacas de cada pouco, cando menos naqueles casos nos que sexa posible.

Dende o SLG quedamos ademais en comunicarlles no futuro todos aqueles temas que preocupan aos gandeiros ou gandeiras, e a Subdirección Xeral de Gandaría en que tentarían darlles solución.

Manola Cerredelo Suárez, pataqueira de Xinzo e Responsable do Sector da Pataca no SLG

“Se teñen que cambiar leis, que as cambien”

A comarca da Limia produce máis de 100 millóns de kg/ano de patacas. Este sector está a sufrir as consecuencias da desregulación e do abuso, por falta de prezos dignos. O ano pasado as outras centrais sindicais (XX AA e UU AA) e os almacenistas asinaron un contrato

homologado sen prezo, propiciado pola anterior Consellaría do bipartito (PSOE-BNG). Este contrato non funcionou. Os prezos seguen a caer ano tras ano, atopándose na actualidade sobre os 0,03 / 0,04€/kg. O Custe de produción é 0,10 / 0,12€/kg.



Manola produce mais dun millón de kg/ano de patacas.

-Dende fai uns anos apréciase unha baixada da produción comuninaria, tamén no Estado español. Sen embargo houbo un aumento do 2% do volume de pataca comercializada e tamén aumentou o consumo. Se se vende máis, cómense máis pero prodúcense menos, por que a pataca non sube de prezo?

-Aumento das importacións estatais nun 35% dende o ano 2000. Aumento das exportacións nun 2% dende o 2007 ao 2008. Principalmente a Portugal (44% do total exportado) e Alemaña (20%)-O 45% das hortalizas comercializadas no Estado son patacas.

-O 70% da pataca importada ao mercado estatal provén de Francia, mais España tamén lle exporta a Francia un 4%.

-A Indicación Xeográfica Protexida PATACA DE GALICIA alberga dende 1996 os tubérculos da especie *Solanum tuberosum* L., da variedade cultivada "KENNEBEC".

A día de hoxe toneladas de patacas fican acumuladas nos almacéns das explotacións á espera de que suba algo o prezo, que tal e como está agora non alcanza nin para pagar a semente do vindeiro ano.

Falamos con Manola Cerredelo, pataqueira e Responsable do Sector da Pataca no SLG, para entender mellor a problemática dos labregos e labregas da comarca de A Limia.

<A pataca é o cuarto cultivo máis producido a nivel mundial logo do trigo, o arroz e o millo; mais canto custa producir un kilo de pataca?

Os custos de produción son de 10-12 cnts/kgs. Por exemplo, para sementar unha hectárea de patacas fannos falta 4.000 euros.

Si retrocedemos 20 anos o precio das patacas eran de 20 ptas/kg (0,12€) e os custos de produción moitísimos mais baixos.

Aos agricultores e agricultoras en xeral incrementáronnos os gastos e baixáronnos os prezos.

Disparouse o prezo do gasoil, as sementes, os abonos químicos, os fitosanitarios, a Seguridade

Social, nunha palabra: os gastos triplicáronse.

Se segue así teremos que deixar de producir para non endebedarnos inda máis.

<Que prezo está tendo a pataca este ano e por qué?

Prezos ruinosos, fálase de 3 a 4 céntimos por kilo, sen saída.

Houbo un 15% máis de produción. Tamén retrasouse a pataca nova, e vendeuse a vella de Francia. Ademais tamén está o aumento da entrada de patacas de Marruecos, Exipto, etc. Os almacenistas cómpran mais baratas, e a nosa permanec nos almacens das explotacións.

<Qué habería que facer para solucionar a actual situación?

Para comezar ten que haber un contrato no que se nos garanta un prezo que cubra custes de produción e traballo.

Tendo istos gravísimos problemas, os únicos que nos poden axudar son os nosos propios gobernantes.

Eu pediríalle á ministra de agricultura que vaia a Bruxelas e poña os nosos problemas enriba da mesa, e que lle busquen unha solución urxente.

Se teñen que cambiar leis, que as cambien, se teñen que modificar algún reglamento, que o fagan, pero que nos dean solución.

Hai que regular o sector mediante a regulación de mercados e reducir as marxes comerciais.

Tamén neste momento cómpre habilitar axudas desde a xunta de Galiza, para paliar a grave situación que estamos a pasar. Cómpre promover a nosa pataca ca axuda do goberno galego. **<A situación da pataca a nivel prezos é similar á doutros sectores, por que os prezos das nosas producións están historicamente polo chan?**

Si, é verdade, estamos todos os sectores agrarios na mesma situación. O principal motivo do que está a pasar son as grandes marxes comerciais e a grande entrada de pataca de moi lonxe ao noso país.

Tamén existe una falta de valoración do noso produto, como se o que vén doutros países fose mellor có noso, e iso non se pode permitir, porque os produtos galegos son galegos, a nosa calidade é moi superior.



Nestes días están a realizarse por parte de compañeiros/as do SLG mercados transparentes, de denuncia do prezo da pataca, nas fotos actos en Ourense e en Vigo o día 23 de decembro.



Xornadas Nacionais do Viño do SLG

Mellorar na defensa do sector produtor

Con apertura da Secretaría Xeral, Carme Freire Cruces, e coa presenza e participación de máis de 60 viticultores/as de todas as ribeiras do País, tivo lugar o sábado 7 de novembro en Albarellos, Monterrei, as Xornadas Nacionais do Viño do SLG. Pasamos todo o día a debater sobre a realidade do

sector vitivinícola galego, poñendo enriba da mesa moitos elementos para a reflexión, para seguir debatendo e seguir aprofundando sobre que papel debemos xogar como sindicato no futuro do sector para defender mellor os intereses dos produtores/as e colleiteiros/as.



Xoán Carlos Carreira Pérez é catedrático da Escola Politécnica Superior de Lugo.

Xoán Carlos Carreira, debullou a importancia social, económica e cultural das pequenas explotacións: o minifundismo existente no viño en Galiza é viticultura de precisión, con grande valor dende o punto de vista da conservación da paisaxe, da biodiversidade, da soberanía alimentaria, como mantedores de vida no rural e da sabedoría sobre o medio. Amais quedou claro que as pequenas explotacións son máis eficientes economicamente que as grandes.

No debate posterior constatouse a necesidade de percibir unha renda digna polo traballo, ben no prezo da uva ou ben complementado pola remuneración da función social que cumprimos como mantedores do rural, conservadores/as do solo, da paisaxe, da biodiversidade, etc. Apuntáronse tamén algunhas ideas como posíbeis a reivindicar: un prezo político para os nosos produtos, a garantía dunha renda básica, descontos na declaración da renda asociada á valorización desa función social...



Angel Palacios é Secretario Técnico da Unión de Agricultores y Ganaderos da Rioxa.

Angel Palacios, falounos das interprofesionais do viño e concretamente da existente na Rioxa. Este era un debate pendente no Sindicato Labrego Galego xa que existía unha inqueda por pensar dende certas comarcas que a interprofesional era un paso máis no modelo europeo de denominacións de orixe.

Quedounos claro que a interprofesional da Rioxa é unha representación puramente económica do sector, a representación mídese por Ha. ou por Hl. polo que mandan os grandes (grandes comercializadoras); amais funciona en substitución do Consello Regulador e non serviu nunca para chegar a acordo de prezos na uva.

Os prezos das uvas de vinificación na Rioxa situáronse entorno a 0,60 €, quedando claro que o modelo Rioxa non é válido para Galiza, xa que os viticultores e viticultoras desta Denominación de Orixe están peor que estamos os galegos.



Ana Mª Rodríguez Vázquez, Secretaria de Desenvolvemento Rural do SLG.

Ana Mª Rodríguez Vázquez, situounos na realidade das cifras e dos datos do sector, quedando de manifesto que Galiza podería ter unha enorme capacidade de producir viños tintos para o consumo propio, de que a maior parte dos brancos galegos véndense en Europa, de que nos últimos anos non existiron excedentes de viños de calidade, que sube a produción de viños de calidade de gama media.

Constatase que cada vez quedan menos viticultores/as e de maior idade, e que as explotacións con xente moza teñen mais tensión por reestruturar con castes nobres.

Valorouse como positivo o feito de que medren as adegas elaboradoras, xa que algúns produtores de uvas dan o paso a facerse colleiteiros para sacar mais valor engadido as súas uvas. Quedou claro tamén que sobre a exportación a países terceiros (fora UE) cóntanse moitas mentiras, dándolle moita mais importancia da que na realidade ten.

A Xunta permite a entrada irregular de uvas foráneas

Estes días estivemos a facer os viticultores/as e colleiteiros/as as declaracións de colleita ao Fondo Galego de Garantía Agraria (FOGGA). Este organismo lémbra-nos nunha carta personalizada que temos a obriga de facer a declaración de colleita todos os produtores/as con superficie de viñado para vinificación superior a 1.000 m², tendo que declarar incluso o autoconsumo; esta comunicación ameazábanos con que de non facer a declaración podemos ser sancionados con multas de 3.000 a 30.000 €.

Neste momento a Xunta parece moi empeñada no control da produción de uvas e viño en Galiza, mentres mirou para outro lado cando centos de camiões de uvas procedentes de Castela e Portugal pasaron vendendo uvas de xeito irregular polas cidades e vilas galegas.

A maior parte destas uvas son vinificadas por particulares para o consumo propio e por locais de hostalería que logo venden como viño da casa. As uvas para transportalas teñen que ir acompañadas de guía,

na se que especifique a procedencia e se identifiquen previamente os destinatarios, cousa que non acontece, amais almacénanse e véndense de xeito irregular.

No Sindicato Labrego Galego somos favorables ao control da produción, pero non estamos de acordo con que só se declaren as uvas producidas en Galiza, tanto para vender como para o autoconsumo, e se faga a vista gorda coa venda ilegal de uvas foráneas que se vinifícan e beben en Galiza.

Reclamamos das autoridades competentes que se tomen medidas para rematar coa venda ilegal de uvas na Galiza. De non ser así, estarase primando o contrabando de uvas foráneas mentres se castiga ás persoas que producimos. Amais temos que ter en conta que se eses centos de miles de kg. de uvas que se mercan no camiión de Castela fosen mercadas na Galiza frearía-se o abandono de viñado e aumentaría a superficie cultivada e as altas agrarias no noso País.

Encontro de mulleres da Coordinadora Europea Via Campesina en Betanzos

Labregas de Galiza e de diferentes países europeos analizaron durante os días 3 e 4 de novembro a situación profesional das mulleres do agro, tratando temas como os últimos cambios da política agraria común (PAC) ou o papel das labregas no desenvolvemento rural. A segunda xornada deste encontro, que tivo lugar na localidade coruñesa de Betanzos, dedicouse fundamentalmente a presentar a campaña internacional contra a violencia sobre as mulleres, aprobada na V Conferencia Internacional da Vía Campesina en Maputo (Mozambique) en outubro de 2008, á que asistiron en representación do Sindicato Labrego Galego Isabel Vilalba, responsable da Secretaría das Mulleres, e Xosé Ramón Cendán, responsable de Relacións Internacionais.

Representantes da organización austríaca ÖBV (Österreichische Bergbauernvereinigung, da noruega NBS (Norsk Bonde-

Og Smabrukarlag), da CNA (Confederação Nacional da Agricultura) de Portugal, de Bélxica, e da Coag (Coordinadora de Agricultores y Ganaderos) do Estado Español intercambiaron coas mulleres do Sindicato Labrego información sobre a situación lexislativa nos diferentes países europeos, sobre a existencia do estatuto de mulleres labregas, a representación sindical ou a participación social, entre

outros aspectos.

Despois de todas as intervencións, quedou patente que, a pesar de que podan existir pequenas diferencias dun país a outro, únenos a necesidade de seguir avanzando na consecución plena de reivindicacións profesionais básicas como son: unha cotización á Seguridade Social axitada ao nivel de ingresos das mulleres nas explotacións agrarias e con coberturas dignas,

o acceso en pé de igualdade aos dereitos profesionais tales como a titularidade compartida, a participación igualitaria a nivel sindical, político e social, así como a necesidade da corresponsabilidade de homes e mulleres para facer unha sociedade máis xusta e sen discriminacións, tanto no ámbito doméstico como no espazo público.



Isabel Vilalba (SLG) coa representante da CNA portuguesa



Maria Vogt (OBV), Lidia Senrra (SLG) e Annalies Schorpion (ECVC)

O SLG ÉRGUESE CONTRA A VIOLENCIA QUE AFECTA ÁS MULLERES

O 25 de novembro, Día Internacional contra a violencia que afecta ás mulleres, o Sindicato Labrego Galego participou na xeira de mobilizacións para denunciar esta lacra social convocadas pola Marcha Mundial das Mulleres. Neste día as compañeiras do SLG celebramos tamén a V Festa das Mulleres na comarca de Ordes, un acto no que compartimos experiencias e saberes, construímos reivindicacións, e quixemos recoñecer o papel das mulleres na histórica loita labrega das Encrobas no ano 1977, tendo o enorme privilexio de contar coa presenza e testemuños das verdadeiras protagonistas, que coas súas emotivas lembranzas nos deron un exemplo de dignidade para todas nós.

Neste día e en todos os que restan do ano, o SLG quere manifestar o seu firme compromiso para loitar contra a violencia que afecta ás mulleres e para levar adiante a campaña deseñada para este fin que se aprobou

durante a V Conferencia Internacional da Vía Campesina celebrada en Mozambique, e se desenvolverá nos vindeiros meses.

A decisión de lanzar dende a Vía Campesina unha campaña contra a violencia de xénero a nivel mundial é un feito histórico de extraordinario alcance, dado que a Vía Campesina Internacional agrupa a millóns de labre-

gas e labregos en todo o mundo, dun total de 148 organizacións activas en 69 países de Asia, África, Europa e América, é dicir, centos de culturas, diferentes relixións e tradicións. Na V Conferencia acordouse que non hai xustificación cultural nin de ningún outro tipo para exercer violencia contra as mulleres.

Nestes meses as organizacións

da Vía Campesina desenvolveremos unha campaña de comprensión e sensibilización sobre o fenómeno da violencia, así como a divulgación dos recursos existentes para as mulleres que viven esta problemática. As labregas vivimos nun contorno de características moi específicas, o medio rural, e isto afecta ás nosas capacidades para enfrontarnos ao problema. É moi frecuente a carencia de infraestruturas e servizos especializados e, ademais, a falta de anonimato nas pequenas vilas e aldeas dificulta a saída desta situación. Noutra orde de responsabilidades, as labregas témonos que enfrontar á carencia tamén de recoñecemento legal e de dispoñibilidade de recursos propios, sendo un claro exemplo disto a dificultade que temos hoxe en día para acadar a titularidade compartida, o que está tamén a incidir na dependencia e na dificultade para superar unha posible situación de violencia vivida no fogar.



Algunhas das protagonistas da loita das Encrobas no ano 1977

A Xunta pretende inscribirmos, ás explotacións de horta, no rexistro estatal de viveiristas

NON FALAMOS DE CAMELIAS

Como xa vimos informando nos anteriores números, o SLG está a abordar a problemática da nova imposición que nos prantexan ás explotacións de horta do País, que é inscribirmos nun “rexistro estatal de viveiristas” e pasar a adquirir uns compromisos inasumíbeis polas explotacións, por seren estas condicións iguais ás das produtoras de plantas e sementes comerciais.

Nesta liña de traballo, o Sindicato Labrego reuniuse co titular da Dirección Xeral de producións agropecuarias, o Sr. Robledo, o pasado o 19 de novembro.

Nesta xuntanza, espuxémoslle a nosa problemática: entramos neste rexistro implica cumprir requisitos legais e de instalacións con persoal técnico cualificado, rexistros e demais que só veñen a sumarse a xa de por si imposta burocracia e control que temos nas explotacións, independente-

mente de a que sector estamos adicados.

Mais dita realidade non é de entendemento do Director Xeral, que dixo non detectar problemática algunha na aplicación, argumentando que no rexistro estatal atópanse persoas individuais “que teñen producións de camelias” e demais ...

Nos non formamos, nin queremos formar, parte dun rexistro e dun sistema de control no que se atopan as empresas multinacionais produtoras e distribuidoras de sementes, as mesmas que avaladas por patentes, grupos de presión e gobernos atentan e usurpan os saberes tradicionais e os dereitos á produción alimentaria dos pobos.

Ademais, atopámonos diante dunha lei de ámbito estatal, e polo de agora non semella que queiran adaptar o seu desenvolvemento e aplicación no noso territorio á

realidade do noso País.

Charo Sánchez Parga, Secretaria de Medioambiente, Terra e Montes, transmitiulle que dende o SLG vemos necesario o desenvolvemento e aplicación dunha excepcionalidade para as explotacións que fan venda de parte da súa produción de planta coma actividade complementaria da explotación nos mercados locais e nas explotacións.

O camiño pasa por defender o dereito que temos como labregos e labregos a producir as nosas plantas, o traballo de mantemento de variedades locais que levamos a cabo, moitas das cales non son contempladas na realidade da aplicación das mesmas leis que pretenden facernos cumprir, a riqueza da nosa biodiversidade, o que nos supón en canto a independencia da explotación ao respecto das casas comerciais...

Dende a Consellaría do Medio Rural quedaron comprometidos a comezar a traballar no desenvolvemento do tema e

facen unha proposta dende a Administración que nós recolleremos para seguir traballando na defensa dos nosos dereitos.



Queren impedirnos facer as nosas propias plantas para facernos máis dependentes.

Un organismo público non debe cobrar uns prezos abusivos polos seus servizos

Proposta de prezos do INGACAL

En Galiza temos un bo número de indicacións xeográficas de calidade baixo as que acollemos produtos como: queixo, mel, patacas, tenreira, viño, quiwi, fabas, lacón, pan, grelos, castañas,...; Tamén contamos con cinco denominacións de orixe de viño e cun selo de control e certificación de produción ecolóxica, cada un destes últimos, e o de carne de tenreira, contan con Consello Regulador e con personal propio para realizar os servizos de administración, control e certificación. O resto das indicacións xeográficas, que pola súa magnitude non teñen entidade para contar con personal propio para realizar as labores a que obriga a lei de calidade alimentaria, dependen directamente da administración autonómica. Por isto é polo que a Xunta creou o Instituto Galego de Calidade

Alimentaria (INGACAL). Na teoría este organismo pretende abaratar os custes aos produtores/as e elaboradores/as, destes traballos obrigados para a certificación de procedencia.

Pero a Xunta acaba de sacar un borrador de orden pola que pretenden fixar os prezos a cobrar polo INGACAL. Este borrador fixa uns prezos abusivos polo que o SLG vimos de presentar alegacións.

O INGACAL é un organismo público, polo que consideramos que os prezos que se apliquen aos diferentes servizos realizados por este organismo non deben superar os custos reais deses servizos. Neste sentido, o lóxico é que o prezo se fixe previo estudo de custes, que se debe adxuntar ao novo borrador.

Non é xusto que se fixe unha cantidade para cada Consello

Regulador de 8.554, sumandolle o 0,5 do valor medio da produción, de pago do servizo de xestión dos consellos reguladores, dun xeito lineal. Realmente, habería que establecer diferenzas en función do tipo de I.X.P., porque especialmente para as IXP-s máis modestas pode resultar excesivo e dificilmente asumible.

En relación ao servizo de control e certificación da calidade alimentaria, propónse con carácter xeral un custe por inspección de 688,29 tanto para produtores/as como para industria. Trátase dun custe abusivo, se temos en conta que un operario ao día pode facer varias inspeccións, que non se di que cubra os custes das analíticas, e que un veedor/a á semana non cobra esa cantidade.

No mellor dos casos, e despois de aplicarlle as bonificacións e os

descontos, os custes resultantes son excesivos. Non ten sentido establecer uns prezos abusivos en relación cos custes reais dos servizos, para logo establecer por uns períodos determinados descontos ou bonificacións.

Os prezos abusivos nas certificacións, terán como resultado que os pequenos produtores/as independentes da industria transformadora quedarán fóra das certificacións de calidade, e que no posible os propios consellos reguladores se doten de personal e asuman o servizo. Esperemos que a Xunta non pretenda, con estes prezos elevados, lanzarnos á certificación privada.

É polo que o SLG solicita que os prezos que o INGACAL cobre pola prestación dos servizos de xestión, control e certificación non excedan os custes reais.

Erro nos cupóns da Seguridade Social en períodos de baixa

Nos períodos de baixa a cantidade a ingresar en concepto de pago das cotas da seguridade social é máis baixa que durante os períodos nos que nos encontramos de alta.

A pesar de esta diferenza de cotas entre períodos de baixa e alta na actividade agraria a Tesourería Xeral da Seguridade Social, en algúns casos, en períodos de baixa seguiu emitindo cupóns por importe igual aos emitidos en períodos de alta.

Se dende o ano 2006 estiveches de baixa por enfermidade e pagaches a mesma cantidade que en períodos de alta podes acudir ao teu local do SLG para reclamar os ingresos indebidamente ingresados.

Axudas á apicultura

Poderán solicitar estas axudas persoas físicas ou xurídicas titulares de explotacións apícolas e cooperativas apícolas e organizacións representativas con personalidade xurídica de seu, integradas na súa maioría por apicultores/as.

As liñas subvencionables serán a loita contra a varroa, actividades inescusablemente ligadas a un programa sanitario supervisado por un veterinario responsable da súa correcta aplicación e funcionamento, realizar actividades de información e asistencia técnica, racionalizar a transhumancia e apoio á repoboación da cabana apícola.

A contía da axuda oscila entre o 50% e o 90% dos gastos en función da actividade realizada.

O prazo para presentar as solicitudes de axuda remata o 9 de xaneiro de 2010.

ATENCIÓN

MULLERES LABREGAS COTIZANTES Á SS AGRARIA QUE TIVÉCHEDES UNHA FILLA OU UN FILLO A PARTIR DO 1 DE XANEIRO DO 2008

Tedes dereito a solicitar a devolución dunha parte das cuotas pagadas á SS. durante os doce meses seguintes á baixa maternal.

Infórmate e tramítala no teu local do SLG, independentemente do tempo que xa pasara dende que tiveches ou fillo ou filla.

IMPORTANTE!! Comprobación por parte da Tesourería Xeral da Seguridade Social dos requisitos para quedar incluído no Sistema Especial para traballadoras/es por conta propia agraria

A Tesourería Xeral da Seguridade Social esta enviando a todas e todos os afiliados ao Sistema Especial para Traballadores/as por conta propia agraria unha carta na que se solicita a Declaración da Renda correspondente aos anos 2007 e 2008 ou calquer outro documento que xustifique a existencia de rendas procedentes da actividade agraria dos anos 2007 e 2008.

A finalidade desta petición é comprobar que se cumpren os requisitos para quedar incluído no Sistema Especial para Traballadores/as por conta propia agraria.

No suposto de non presentar a documentación requirida a Tesourería Xeral da Seguridade Social procederá de oficio a realizar a baixa no Sistema Especial e manter a alta dentro do Réxime Especial de Traballadores/as Autónomos, en este suposto a alta realizarase con efectos dende o 1 de xaneiro de 2008.

Como consecuencia da baixa no Sistema Especial reclamarase a diferenza das cotas ingresadas.

Para calquera dúbida podedes contactar cos locais do SLG.

Axudas polos danos causados polo lobo

Poderanse acoller a estas axudas os propietarios/as de gando afectado por ataques de lobos dentro en Galiza.

Non poderán obter a condición de beneficiarios das axudas as propietarias e propietarios de gando vacún leiteiro que teñan nas últimas 3 convocatorias de axudas un número de animais mortos superior a 5, por entender que non se adoptaron medidas preventivas.

Nas vinte e catro horas seguintes ao ataque as propietarias e propietarios das reses comunicarán o dano á Consellería de Medio Rural mediante unha chamada desde as 8.00 ás 20.00 horas, ao teléfono 902 11 20 00.

Dende os locais comarcais do Sindicato Labrego Galego de Compostela e de A Estrada organizamos para o 2010 un Curso de Incorporación á Agricultura (os chamados CURSOS DE APTITUDE EMPRESARIAL AGRARIA)

Este curso está concebido como parte dunha labor sindical dirixida a incentivar e apoiar á xente moza para que se incorpore á agricultura, coa espezanza de contribuír a manter e a re-construír un rural vivo.

Estamos na Galiza máis atlántica, con núcleos de poboación fortes; a agricultura como suministro de alimentos á poboación pode ser unha opción de emprego. Dende o SLG pretendemos dar un apoio a todas aquelas persoas que pensen en ter unha capacitación mínima para instalarse como cultivadores/as de alimentos: porque lles traspasan unha explotación, porque teñen terra no rural (de familiares ou coñecidos), porque lles gustaría volver ao campo como forma de vida, porque dentro da crise actual ven unha posibilidade de emprego...

Na impartición imos reforzar a defensa do modelo agrario que perseguimos:

explotacións autónomas (non hipotecadas) e que desenvolvan unha agricultura sostible. Nesta liña, darémolles a este curso unha orientación á horticultura, na procura tamén dunha revalorización do produto para conseguir que se remunere o traballo.

Este tipo de cursos son obrigatorios para incorporarse profesionalmente a unha explotación agraria. Trátase dun curso homologado pola Consellería do Medio Rural. Contará con 250 horas, nas cales o apartado práctico terá un peso importante. Desenvolverase durante os meses de marzo, abril, maio e xuño no Concello de Teo.

Máis información:

Local Comarcal de Compostela:
981588532

Local Comarcal de A Estrada:
981573232

ENCANTRO ANUAL DA SECRETARÍA DAS MULLERES DO SINDICATO LABREGO GALEGO

Días 5, 6 e 7 de marzo de 2010 en Ribadeo

Infórmate e **apúntate** no teu local do SLG

Prazas limitadas.

Se queres recibir por correo electrónico os comunicados de prensa do Sindicato Labrego Galego envíanos un correo a prensa@sindicatolabrego.com ou ponte en contacto co local do SLG da túa comarca. Este servizo é de balde.

Compra - Venda - Troco

VENDAS

Subsolador marca Yimpa
TLF.: 696 004 515

Véndense becerros e becerras.
TLF.: 626442294

2 máquinas seminovas, BERTOLINI BCS.
TLF.: 981 669 245 (Lourdes)

Remolque para transporte de rolos de herba
TLF.: 657 361 197
de 13 a 14 e de 21 22

Vacas de carne. Arzúa
TFNO. 626 31 50 59

Tolva arrastrada con portas laterais de 8.000 kg con reductor na cinta con piño desmontable.
TLF.: 650 019 275

Véndese participación en S.A.T. na provincia de Lugo.
TLF.: 669 180 312

Coche sen carnet en perfecto estado, motor 2 tempos. BON PREZO (negociable).
TLF.: 627 474 820

Sala de ordeño MELKER, 3 puntos, lavado automático. Gontaz, Carballo
Tif 651 86 11 32, José

Vacas frisonas: Boa xenética, control leiteiro, media de produción 9.600 l., media calificación 81, libre IBR-BVD. Granxa do Ferreiro. Muros - Alto Xestoso - Monfero
TLF.: 610962132 / 626250993 / 981196919

Rabaño de 75 ovelas e 10 cabras, con puntos, no concello de Paradela.
TLF.: 982 15 7436 (noites)

Sala de muxir
TLF.: 648 187 856

40 ferrados de herba seca en Ambroa (Irixoa)
TLF.: 646730416

Boi do país dun ano e medio
TLF.: 636 984 730

Becerras (dúas rubias e unha rubia de aquitania)
TLF.: 982 39 10 08

Vaca de leite de primeiro parto con carta
TLF.: 626 334 770

Rolos de herba seca (Cospeito)
TLF.: 982 50 57 55

- 5 vacas, dúas delas preñadas
- Abonadora cun ano de uso.
- Arado de cinco sacchos.
- Arado de vertedeira.
- Cisterna en moi bo estado matriculada
- Segadora DCS matriculada
- Fresadora inglesa en bo estado
- Tanque de frío de 500 litros
- 2 caldeiros de ordeñar de 40 litros de aceiro inoxidable
TLF.: 981 798 681

Herba seca a bo precio. Lugo.
TLF.: 659 643 489

Cachorros de mastín.
TLF.: 630 561 310 en Frial

Pala mixta retro-excavadora marca BE-NATI.
TLF.: 660 442 783 (Raúl)

-Viño tinto da variedade TEMPRANILLO e MENCIA. Zona de produción. MONTERREI.
-Estrulladora trifásica bomba trifásica.
TLF.: 636 900 807

Remolque autocargador picador, marca CLASS 335.
TLF.: 982144182 ou 630528721 (Paco)

Semente de herba Raigrass italiano.
TLF.: 677 244 325 (Juan Carlos)

Tanque de frío JAPY de 1200L, perfecto estado, precio a convirContacto:
TLF.: 658 628 448 ou 981 895 1880

Sala de Ordeño Miele 5 puntos con pul-sadores electrónicos. Arzúa.
TLF.: 981 51 77 55 ou 619 88 5180

Novilla de carne (cruce) de 6 meses.
TLF.: 986 586 544

Dúas novillas rubias preñadas.
TLF.: 619 142 262

Autocargador Rotativo Marca MEGAL con 1 ano de uso, con documentación e tódalas extras. Zona Arzúa.
TLF.: 677 62 52 45 (Susó).

15 ovelas, 1 carneiro e 5 anos, posibilidade de 1 mastín e un pastor alemán que están sempre con elas no monte. Ovelas 60€/ unidade.
TLF.: 981.886 718 ou 686.577.281(Fina)

Peugeot 206 do ano 2001 con 140.000 Kms. Bo estado.
TLF.: 981 797 225 / 646 910 747

Cuba semprechea. Modelo INOX AISI 316.3.000 litros. Económica.
TLF.: 986-666107 (Manuel)

Rabaño de 12 ovelas
A Cañiza.
TLF.: 986-652-271 (Carmen)

11 Ferrados de millo para ensilar e 5 ferrados de millo de espiga en Ordes.
TLF.: 981 69 92 04

-Segadora BCS dun ano de uso
-Ovelas preñadas
TLF.: 981 788 210

Leña de abedul; son altos, delgados e fáciles de preparar. Zona de Rodeiro, Oza dos Ríos.
TLF.: 981 798 681 (Eduardo)

Can pastor belga (7 meses), en Goiriz.
TLF.: 697 294 144

Unha novilla de raza rubia e unha de raza frisona, próximas ao parto.
TLF.: 697 422 304 (Sandra)

Trigo do país (Irixoa)
TLF.: 981 798 785 (Isabel)

Patacas. Comarca de Ordes
TLF.: 981 695 5 88

Rolos de herba seca e de silo.
TLF.: 982 505 798 ou 610 472 095

-Vacas e novillas frisonas: boa xenética, control leiteiro, media produción 10.370 l., media calificación 81, libre IBR-BVD.
-Tanque de frío POLIFRIO 2.500l.
TLF.: 610 962 132, 626 250 993 ou 981 196 919

10 novillas Limousine.
TLF.: 982 207 733 ou 685 884 257

Coche sen carnet: LIGIER AMBRA GLX. Tén todos os extras.
TLF.: 653 204 315 ou 648 641 404

Herba en fardos da tempada.
TLF.: 628 266 689

Desensiladora marca mullóns en bó estado a bó prezo.
TLF.: 982 157 245 ou 636 863 082

-JOHN DEERE 2850, dobre tracción, aire acondicionado, rodas a medio uso, cabina SG2.
-AUDI 80 1.8E e remolque de tractor preparado para burros. Tamén se venden llantas de coche MOMO de 5 buratos e 15 polgadas. TLF.: 686 596 260.

Cortasilos de 1,60 m e un rulo de 2,50x0,90 m con documentación en moi bo uso.
TLF.: 982177430

Véndese seat panda e moto derbi variant start ambos con papeis ao día. Tamén vendo llantas de BMW e30 o e36 6 1/2 x 14". Para máis información contactar con
TEL.: 986580990 ou 678079473 (José), 669290104 (Manuel)

Colleitoradora de patacas (marca Grimme 650, con tolva alta e dirección) Cinta transportadora Desbrozadora (3 regos) de patacas Tractor John Deere 1635 con pala Repartidor de abono Regadio con motor de 14 C.V. Remolque (10.000 kg)
Tifno. contacto: 619 904 183

Cisterna de 2.00L
34 ovelas e 34 pto.
TLF.: 626.985.284 (zona de Arzúa)

Véndese viño e augardente.
TLF.: 986689486. Ana.

Pitos de galiña piñeira zona de Arzúa, (Daniel)
TLF.: 6540475216

Porcos celtas
Ponteareas
TLF.: 634408812, Antía.

Vacas novillas, becerras e un xato de 9 meses marcados da cruga.
TLF.: 982157245 - 636863082

Véndense 165 cabras con dereitos e cabritos
TLF.: 645 21 78 37

Véndense ranchos - A Pastoriza - Lugo
TLF.: 626 592 286

Arado de tres regos - Castro de Rei.
TLF.: 630 877 246

Cisterna de 3000 Litros - Castro de Rei -
TLF.: 690 828 935

Por cese de actividade véndense vacas de leite e tanque de frío de 3000 lts. Concello de Portomarin.
Telf.: 982157768 e 697422304

Véndese madeira de castaño seca e feita.
Tif: 616 060 146

Véndese xaulón para loro con rodas, ten porta dianteira e a parte de arriba abrese con opción a poñer a percha, ten 3 comedeiros, é de aluminio con acabado antioxidante, mide: 69cm x 56cm x 150cm ,
TLF.: 696165460

Pisón e grade de dentes + circuito alfa laval 3 puntos + tanque do frío 550L + remolque de tractor. Por abandono zona de Boimorto
TLF.: 660-48-58-56

Tanque de frío de 4500 litros
marca alfalaval, Zona Arzúa
TLF.: 627 32 10 83

Véndense dous ordenadores: un PACKARDBELL de sobremesa (dous anos), e un portátil SIEMENS con un ano.
TLF.: 616 060 146

Vacas de leite. 2 novillas de 1º parto, 2 de segundo parto e 4 adultas. Moi boa calidade. Preguntar por Tomasa.
Teléfono 982144294

Rotoempacadora crone kr125 en bo estado
TLF.: 655903703

Segadora en bo estado e autocargador
TLF.: 982502165

Cabalo semental de sete anos, raza angloarabe, prezo 500 euros capa castaña. Zona de Noia.
TLF.: 616181890.

Véndese Explotación de leite ecolóxica na zona de Cospeito (Lugo)
Tif.: 982 17 74 30

40 rolos de herba seca do Corgo (Lugo).
TLF.: 982 176 748

Estructura de invernadoiro de 880 m2.
TLF.: 680 108 262

Véndense 1,82 dereitos de pagamento único, Ordes
TLF.: 628.79.74.19

COMPRAS

Merco tractor de 30cv de 2º man.
TLF.: 626 439 145 (Ramiro)

Cómpranse xatos que teñan dende os 20 días ata os 10 meses.
Teléfono: 982157768

OFERTA E DEMANDA

EMPREGO

Mozo neozelandés estudante de veterinaria ofrécese para traballar e facer prácticas en explotación. Con experiencia en prácticas en Nova Zelandia.
ddaliaga@gmail.com

Ofrécese rapador profesional para campaña setembro-marzo. 1,30€ cada ovella.
TLF.: 618 778 378 (Atilano)

Búscanse persoas para traballar como xardineiros/as en Betanzos
TLF.: 981785548

Ofrécense traballadores para explotación.
TLF.: 696 393 636 (Rui e Kelvin)

Fanse traballos en pozos artesanos (limpar, afondar, emparedar...) Equipado con elevador para sacar terra, bomba de achique con manguera ata 25 m de fondo e 50mm de diámetro, martillo picador e equipo de ventilación. Desprazámonos, presupostos sen compromiso.
TLF.: 662 084 529 (Fernando)

Ofrécese persoa para traballar en explotacións ou con maquinaria na zona de Betanzos. Con experiencia.
Tfno: 680-337.325 (José Manuel)

Ofrécese traballador para explotación agraria. Zona Arzúa.
Tfno. 690 26 73 19

Galego-Cubano busca traballo no agro.
Tif. 634 219 936. (Toni)

Ofrécese labrego marroquí para traballar en explotación. É peon, pastor, con especialidade como matarife.
TLF.: 638 897 735 (Mohammed Ahmed)

OUTROS

Agasallo canciño mezcía pastor belga mallinois e pastor alemán. Como vai medrar bastante necesita unha casa grande non un piso, ademais son moi dinámicos e necesitan correr moito. É claro que un dono ou dona que lle preste atención e o coide ben. Betanzos.
sac_seguros@ofimega.eu

Arréndanse 78000 kg de cuota. Grixalba-Sobrado.
TLF.: 981 787 686

Arréndase lugar, 37 Ha, casa, nave, cota láctea.Produción ecolóxica.
TLF.: 616 627 318.

Arréndanse 35150 kg de cota (Sobrado)
TLF.: 628 29 36 34

Alugase CUOTA LÁCTEA 106.730 KG, GRASA 3,85
TLF.: 606841910

Para poder anunciarse nesta sección cómpre estar afiliado/a no SLG e comunicar o anuncio a través da súa oficina sindical máis achegada ou no correo electrónico pressa@sindicatolabrego.com. Os anuncios publicanse durante tres números consecutivos, ao cabo dos cales quitanse. En caso de que a anunciante quixera seguir mantendo o seu anuncio, ou para realizar calquera modificación do mesmo, debe poñerse en contacto de novo coa súa oficina sindical para facelo.

Vista aérea do parque natural

Parques naturais de Galicia:

Complexo dunar de Corrubedo e lagoas de Carregal e Vixán
Fragas do Eume

O Invernadeiro

Serra da Enciña da Lastra

Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas

Monte Aloia

Baixa Limia Serra do Xurés

Fotografía: Margen Imografía

Os espazos naturais de Galicia son o noso mellor activo. Un agasallo da natureza que xa forma parte da nosa historia, do noso patrimonio e da nosa identidade.

Espazos para medrar, para visitar, para descansar, para conservar, para camiñar, para pór en valor, para vivir...

Unha herdanza do noso pasado e un compromiso co noso futuro.

Espazos naturais, espazos de vida

(<http://medionural.xunta.es/espazosNaturais/espazos.jsp>)

